

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA, CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA
Rúa Vicente Ferrer, 2
15.008 -A Coruña

Asunto: Alegacións ao acordo de 17 de xuño de 2022, da xefatura territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico de Pedra Queimada, nos concellos de Arteixo, A Laracha e Carballo (expediente IN408A 2020/70), DOG número 126, de 4 de xullo de 2022

Dona/Don.....con DNI
númerodomicilio a efectos de notificación
enconcello de Arteixo
teléfono.....correo electrónico.....por medio do presente
escrito realiza as seguintes

ALEGACIÓNS

Alegación 1.-

Antecedentes e fragmentación do proxecto en varios proxectos independentes. División artificiosa e fraude de lei.

Por acordo de 19 de maio de 2022, sómese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, autorización de construción, estudo de impacto ambiental(EIA) e proxecto sectorial do parque eólico de Monteagudo (modificación substancial) expediente IN661A 2003/03, DOG nº 104 , de 1 de xuño de 2022. NA EIA a promotora do parque que é a mesma, ACCIONA, indica que a SET servirá como centro de transformación para os parques eólicos de Monteagudo e Pedra Quimada. Nela elevarase a tensión da corrente producida polos parques eólicos de 30 KV e 60 KV para poder transportala até a subestación de Morás.

Dada a proximidade física dos dous parque, a afectación aos mesmos espazos faise precisa unha análise conxunta, exhaustiva tanto do ecosistema, como dun modelo de desenvolvemento sustentábel e equilibrado do rural de Arteixo, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade a respecto da rede natura 2000, e que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectala xa sexa individual ou combinado con outros plans someterase a unha adecuada avalación das súas repercusións no espazo.

Alegacion nº 2.-

Afectación severa a recursos hídricos (Rego da Ibia e Rego da Veiga) que son afluentes do río Boedo que desemboca na praia de Barrañán, un Lugar de interese comunitario e a zona de Sisalde un dos espazos naturais máis importantes do Concello así mesmo afectación a área recreativa dos barreiros percorrida polo rego da Ibia. Estes espazos son lugares en que se poden atopar nove especies de réptiles, 6 de anfibios, 84 especies diferentes de aves e 11 de mamíferos. Destacamos dúas especies pola especial fragilidade mais non as úncias: A lontra , o seu número en retroceso en toda europa e o Escribano Palustre, en grave perigo de extinción.

Toda a zona Sisalde-Barrañán aparece recollida na Xunta de Galiza como unha zona de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión e zona de protección das escribentas das canaveiras

A maiores temos que afirmar tamén que en Sisalde, no río Boedo, ao que aportan auga tanto o rego da Ibia como o da Veiga, hai unha captación de auga municipal que subministra auga potábel a unha parte

moi importante da poboación de Arteixo. Hai unha afectación importante dos parques a estes recursos imprecindíbel.

A poligonal do parque e a conexión entre o eólico A1 e A2 ten unha afectación brutal nunha zona de recursos hídricos moi importantes tal e como se demostra no número de muíños que hai arredor dos regatos e ríos e tamén nas denominacións, todas elas recollidas no proxecto de toponimia da Xunta de Galiza: Fonte loureiro, regato loureiro, Fonte das meigas, fonte de corteo, Fonte e regato Folgueira, Rego e fonte de Barreiros, Rego de Gomesende, Fonte dos Matos, Pozo da Pombas, Fonte de Freón, Rego de Freón, Fonte da Vixía...

Ademais, o proxecto de Estudo de Impacto Ambiental no seu punto número 7.1.4 asegura que a rede fluvial dentro da poligonal do proxecto son 30 cauces dos cales 6 vense afectados directamente por distintas obras (zanxas e viais) polo que estes cauces vense alterados con máis de 3.000 m².

Alegación nº 3.-

Coa solicitude de posta en marcha desta nova infraestrutura o futuro desenvolvemento urbanístico do Concello de Arteixo así como a calidade de vida dos seus veciños e veciñas queda totalmente condicionado. Non existe ningunha análise da situación presente do concello que soporta un nivel de infraestruturas elevadísimo e que abarcan amplas zonas do seu territorio que cada día fan complicado un desenvolvemento sostíbel e ordenado.

Non se cumpre con este novo proxecto e cunha análise do territorio do término municipal de Arteixo do que di a Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galiza, nos seus artigos 3, 4 e 5 en ningún dos seus puntos: non hai racionalidade, nin desenvolvemento sustentábel, nin cohesión territorial, nin aproveitamento racional dos recursos etc.

Alegación. 4. -

Cualificación do solo na poligonal do parque. Trátase de solos de protección forestal, agrícola, protección de infraestruturas e de solos de núcleo rural. Posíbel incumprimento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro. O futuro dos núcleos de poboación afectados pola poligonal do parque verían condicionado o seu posterior desenvolvemento nun futuro plan xeral de ordenación urbana. A maiores as vivendas que quedan dentro da poligonal tamén teñen unha carga o que require autorizacións extra cando hai reformas ou obras e tamén unha diminución do valor das propiedades. Os núcleos directamente afectados e dentro da poligonal son A Perillona, A Telleira, Freón, A Ibia, Mirón, A Teixoeira, Vilanova, Corteo de abaixo, Corteo de Arriba, O Coto, os Barrerios, Igrexario de Monteagudo, O Freixal...

Alegación nº 5.-

Afectación severa ao benestar das familias que viven nos núcleos de poboación citados e en maior medida aos que quedan máis perto dos eólicos (Telleira, Perillona, Corteo etc.) nivel de ruído, Shadowflicker e reflexión solar.

Alegación nº 6.-

Non é de rigor que este proxecto dependa do proxecto de evacuación da enerxía que se poda producir neste parque e que está en fase de modificación ao contar cun rexeitamento masivo por parte da sociedade de Arteixo. As liñas de evacuación do parque eólico Pedra Queimada vai ter unha dependencia clara da subestación do parque eólico de Monteagudo con fin na subestación de Morás cando aínda non se sabe por onde vai ir ese trazado ou se se vai construír.

Alegación nº 7.-

É patente a tendenciosidade do proxecto de execución e do EsIA posto que non hai nova creación de emprego nin na construción nin no mantemento do parque eólico que requiren unha dotación de

recursos humanos mínimos (25 na construción segundo o proxecto de parque eólico) sobre todo no mantemento. Esta mesma intención sesgada vese cando se fala dos ingresos económicos recibidos polos propietarios e propietarias pois aseguran que os “poderán” investir na mellora da rendabilidade do solo cando sabemos que este, está suxeito á lei que nos fala da poligonal onde se executa este parque. Así mesmo nunca se fala do lucro que ten para a empresa que explota este parque falando sempre do “beneficio para a sociedade” (punto 6.1.2 do EsIA)

Alegación nº 8.-

Non ten sentido que no EsIA se aplique criterios de racionalidade para as aves, xa que se fala de que “ as especies que se poden ver afectadas pola implantación do proxecto serán maioritariamente aves rapaces e outras de tamaño medio ou grande” que se asentan en sete zonas húmidas incluídas no inventario de humedais de Galiza (IGH) como son Barrañán, Rego de Quenxe, Gándara, Casadelas, Lagoa de Baldaio, Marisma de Baldaio e Trasdunas de Baldaio que se sitúan nos quilómetros inmediatos á zona de estudo. Estes espazos húmidos, ademais de xerar importantes recursos hídricos, son áreas de alimentación e repouso tanto en períodos invernales como nos pasos migratorios con grandes e importantes concentracións de aves... pero no proxecto EsIA aseguran que non se moven do interior dos humedais e os seus movementos migratorios son pouco probables que pasen polo parque eólico.

Alegación nº 9.-

Incongruencias derivadas da localización pois no proxecto sectorial do parque indícase que a idoneidade da localización xustifícase porque todas as posicións atópanse situadas dentro do ADE Baldaio (páx 10) mentres que máis adiante (páx 14 do mesmo proxecto) faise mención a que “ a poligonal do parque, que incorpora o vial de acceso ao parque, sobresa e lixeiramente dos límites de ADE respetando un búfer de 500 metros arredor da mesma.

Alegación 10.-

Ao igual que nas últimas 3 alegacións parece que se oculta, non se di a verdade ou se di a medias, o verdadeiro obxectivo da implantación dos parques eólicos que é, como di a disposición adicional quinta da lei 8/2009 de 22 de decembro en canto ás distancias a núcleos de poboación onde si di que

“ como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeneradores ás delimitacións do solo do núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será maior de estas dúas: ou 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxenerador (buxe máis pala)”

Dadas as medidas do aeroxenerador A1 e A2, posto que a alternativa 2 que sumaba outro aeroxenerador máis foi descartada pola propia empresa como se plasma no propio proxecto, son 125 metros da altura de buxe máis 74 metros da pala suman un total para o A1, que se sitúa no concello da Laracha, de 237 que multiplicados por 5 como di a lei fan un total de 1.185 metros que ten que haber desde o A1 a distancia a núcleos.

Facendo a mesma operación co A2, no concello de Arteixo, daría unha distancia a núcleos de 1.057 metros segundo as medidas que figuran na páxina 23 do proxecto sectorial do parque eólico de Pedra Queimada.

Segundo consta no mesmo documento na súa páxina 54 o núcleo da Telleira está a 610 metros, A Perillona a 650 m., A Xermaña a 540 m., e Goxán a 740 m.

Alegación nº11.-

A ambigua información que ofrecen os documentos que compoñen a solicitude deste parque eólico vólvese a poñer de manifesto cando se fala da incidencia nos usos do solo xa que no proxecto sectorial de Pedra Queimada asegúrase que o parque eólico non incide sobre os usos actuais do solo pero na lei

8/2009 de 22 de decembro no seu artigo 2.6 afirmase que a poligonal, e por tanto os terreos que se inclúen dentro da súa contorna, é un área efectivamente afectada pola instalación dos parques eólicos.

A incidencia nos solos tamén afecta aos terreos ocupados materialmente non só por aeroxeneradores senón tamén polo edificio de control, subestación, centros de distribución, liña eléctrica de evacuación, redes de conducións e novos accesos viarios exteriores e de servizos máis as servidumes necesarias que serán delimitadas en función das distintas instalacións ante o cal deducimos que os núcleos de poboación tamén se ven afectados por unha distancia insuficiente.

Ademais, admítase que terán preferencia a explotación do vento fronte aos aproveitamentos forestais.

Alegación nº 12.-

Existe un repetidor de telecomunicacións que pode ser interferido pola ubicación do parque eólico. Forma parte deste repetidor unha torre asentada nas coordenadas (521116, 4790940) que contén un radioenlace dobre a 25 m de altura e que atravesa o parque eólico de Pedra Queimada coa consecuente afeccións ás telecomunicacións.

Alegación nº 13.-

Os recursos e produtos turísticos dependen en grande medida dos elementos de especial interés paisaxístico. Dos 180 núcleos que hai no área de estudo 152 teñen contacto visual co PE Pedra Queimada ademais de outros parques eólicos recoñecendo que se producirá un impacto visual negativo na contorna segundo consta no estudo de sinerxias e efectos acumulativos no seu punto 5.8 cando fala da paisaxe provocado polo efecto visual dos aeroxeneradores.

“Os aeroxeneradores do PE Pedra Queimada producen un incremento no número de aeroxeneradores visibles en 58 dos 90 Lugares de Especial Interés Paisaxístico (LEIP) presentes no ámbito do estudo definido” (páxina 40 do referido estudo de sinerxias no EslA). Así mesmo “na contorna do proxecto existen 305 elementos do POL nos cales prodúcese unha visibilidade do proxecto en 171” (páxina 44 do referido estudo)

Alegacións nº 14.-

Un recurso fundamental, turístico, socioeconómico e tamén identitario, para a poboación dun área e dunha sociedade, é o seu patrimonio cultural. Son varios os elementos ou xacementos patrimoniais desta índole que se verán afectados pola colocación dos aeroxeneradores e das vías de evacuación da enerxía producida.

A afectación máis importante vaise producir ao elemento Castro de Freón, O Castro (GA15005015) localizado moi perto do A2 e da gabiá de cableado de evacuación da enerxía. O xacemento da Idade do Ferro pertence ao lugar de Freón, parroquia de Monteagudo, concello de Arteixo e está catalogado dentro do epígrafe patrimonial das Normas Subsidiarias que rexen urbanísticamente o concello desde o ano 1995 ante a falta de Plan Xeral de Ordenación Municipal. Do mesmo xeito, feito unha actualización do mesmo inventario patrimonial do concello de Arteixo no ano 2002 mantíñase o Castro de Freón como un ben cun nivel de protección 9, protección INTEGRAL. Con este nivel de protección “os bens así catalogados permítese soamente actuacións encamiñadas a perpetuar o ben, nas súas condicións orixinais e lexítimas, sen lle alterar os seus compoñentes, configuración, carácter ou aspecto, o que se concreta nas seguintes obras admisibles: conservación, consolidación, restauración, reconstrución e recuperación. Prohíbense, expresamente, o fixar elementos alleos á natureza do ben así catalogado, como poden ser grampas, escadras, TENDIDOS ELÉCTRICOS ou calquera outra instalación”.

Do mesmo xeito na ficha pertencente ao susodito castro na avaliación do impacto arqueolóxico pódese ler na súa páxina 25: “ a execución das obras previstas poden orixinar unha afección grave ao xacemento

ou mesmo a súa destrución” e asegúrase, na páxina 20, que o impacto será crítico tal e como está deseñada a obra.

Alternativa 15.-

Existe un “efecto parpadeo” dos aeroxeneradores dos parques eólicos que se define como os cambios alternativos na intensidade da luz causada pola rotacións das aspas dos aeroxeneradores proxectada sobre o chan ou sobre vivendas. Na actualidade existe un umbral que non hai traspasar por resolucións ambientais, tanto en España como en Galiza, debido á Resolución da Secretaría de Estado de Medio Ambiente de 25 de xullo de 2017 e tamén, pola Declaración de Impacto Ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Este umbral está fixado en 30 horas/ano de efecto parpadeo. O alcance da análise para determinar os receptores establécense en 10 veces o diámetro do rotor que para o A1 está en 1490 m e para o A2 está en 1630 m. E afectaría por tanto a 154 edificacións e polo tanto terían que prantexarse unha parada técnica pasado este umbral.

Doutra maneira, fálase no EslA no anexo G páxina 45 de que esas 154 edificacións “ superarían ou igualarían o umbral das 30 h/ano e/ou 30 minutos/día. Se facemos cálculos veremos que unha vez máis os datos que manexan nestes documentos do proxecto eólico de Pedra Queimada son inexactos pois 30 minutos ao día fan 180 horas por ano.

Por todo isto, **SOLICITAMOS**

1. Que se teñan en conta as alegacións formuladas neste documento.
2. Que se rexeite a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico de Pedra Queimada, nos concellos de Arteixo, A Laracha e Carballo (expediente IN408A 2020/70), DOG número 126, de 4 de xullo de 2022.

Para que conste, asíñase este documento

Sinatura